

Manual do K Mines

Nicolas Hadacek

Michael McBride

Anton Brondz

Desenvolvedor: Nicolas Hadacek

Revisor: Lauri Watts

Tradutor do proxecto Trasno: Xosé Calvo



Manual do K Mines

Índice xeral

1. Introducción	6
2. Como xogar	7
3. Regras do xogo, estratexias e suxestións	8
3.1. Regras	8
3.2. Estratexias e suxestións	8
4. Ordes/Atallos de teclado	9
4.1. Menú Partida	9
4.2. Menú Configuración	9
4.3. O menú Axuda	10
4.4. Atallos de teclado predeterminados	10
5. Preguntas frecuentes	11
6. Configuración do xogo	12
7. Créditos e licenza	13
A. Instalación	14
A.1. Como obter o K Mines	14
A.2. Compilación e instalación	14

Índice de cadros

4.1. Atallos de teclado	10
-----------------------------------	----

Resumo

O K Mines é a versión para o KDE do xogo clásico das minas.

Capítulo 1

Introdución

TIPO DE XOGO: Estratexia, Taboleiro

NÚMERO DE XOGADORES POSÍBEIS: Un
--

O KMines é o xogo clásico do Buscaminas. A idea é descubrir todos os cadrados sen estourar ningunha mina. Cando unha mina estoura acaba a partida. os números indican cantas minas hai na contorna.

Capítulo 2

Como xogar

OBXECTIVO:

Localizar todas as minas agochadas no campo de minas.

Para xogar ao K Mines hai que empregar o rato e os seus tres botóns para descubrir ou marcar os cadrados (cun rato de dous botóns, premer o botón central do rato faise normalmente premendo simultaneamente botón esquerdo do rato e botón dereito do rato).

Premendo o botón esquerdo do rato descobre un cadrado. Se houber unha mina nel, detónase e a partida remata. De non haber unha mina baixo o cadrado, este límpase e se non hai outras minas na contorna, o cadrado desaparece, incluídos os cadrados sen minas da contorna. De haber minas na contorna, aparece un número que mostra cantos cadrados as conteñen. Para cada cadrado (excluídos os dos bordos e das esquinas) hai oito na contorna.

NOTA

O botón esquerdo do rato premido nun cadrado con marca é seguro e non fai nado.

O botón dereito do rato marca un cadrado como que contén unha mina (colocando unha bandeira vermella nel). Premer o botón dúas veces márcalo como incerto (colocando un signo de interrogación nel). A bandeira de incerto pode ser útil cando un non ten certeza de onde están as minas. O botón central do rato limpa os cadrados da contorna se xa se marcou o número correcto de cadrados. É moi útil porque é moito máis rápido que ir descubriendo todos os cadrados individuais. Asegúrate de que as bandeiras están ben colocadas porque, se non, poderías facer detonar unha mina.

Capítulo 3

Regras do xogo, estratexias e suxestións

3.1. Regras

- Hai que limpar todas as minas antes de poder gañar unha partida.
- O xogador non pode saber o sitio exacto das minas antes de que remate a partida.
- Se unha mina é detonada, acabouse o xogo.
- Os números indican as minas da contorna.

3.2. Estratexias e suxestións

- Emprega os números para descubrir onde están as minas da contorna.
- Coloca bandeiras onde sospeites que haxa minas. Fíxate en que, mesmo se o número de minas indicado baixa cando se coloca unha bandeira, podería non haber unha mina debaixo da bandeira.
- Pensa antes de faceres clic porque un clic errado podería detonar unha mina.
- Cando sospeites que un cadrado contén unha mina, traballa arredor dese cadrado para descubrir números que podan axudar.
- Tenta limpar o taboleiro o máis rápido posíbel; cando menos tarde máis alta será a puntuación.

Capítulo 4

Ordes/Atallos de teclado

As seccións seguintes describen brevemente cada unha das opcións da barra de menú.

4.1. Menú Partida

O menú **Partida** consiste en catro opcións.

Partida → Nova (Ctrl+)

Inicia unha partida nova.

Partida → Mostrar as mellores puntuacións (Ctrl+H)

Isto mostra a puntuación máis alta (o temo máis curto) de cada nivel de dificultade.

Partida → Saír (Ctrl+Q)

Sae do K Mines

4.2. Menú Configuración

Configuración → Mostrar a barra de ferramentas

Mostrar ou agochar a barra de ferramentas. Por omisión móstraa.

Configuración → Mostrar a barra de estado

Mostrar ou agochar a barra de estado Por omisión móstraa.

Configuración → Dificultade

Permite configurar o nivel de dificultade desde un submenú.

Hai tres niveis de dificultade por omisión: **Doado** (cadrados de 9x9, 10 minas), **Medio** (cadrados de 16x16, 40 minas) e **Difícil** (cadrados de 30x16, 99 minas). Tamén hai un nivel **Personalizado**.

Se escolles **Personalizado**, empréganse as opcións configuradas en **Configurar o K Mines**.

Configuración → Configurar os atallos de teclado...

Este elemento permite cambiar os atallos de teclado que emprega o K Mines.

Configuración → Configurar as barras de ferramentas...

Configurar as barras de ferramentas fornecidas polo K Mines.

Configuración → Configurar o K Mines

Permite axustar as opcións do xogo. Para unha información máis detallada, consulta a sección titulada [Opcións de xogo](#).

4.3. O menú Axuda

Axuda → Manual do K Mines (F1)

Inicia o sistema de axuda de KDE, mostrando na documentación do K Mines. (este documento).

Axuda → Que é isto? (Maiúsc+F1)

Muda o cursor do rato para unha mistura de unha frecha cun sinal de interrogación. Ao premer nos itens de K Mines abrirá una fiestra de axuda (de habela para o ítem) que explica a función do ítem.

Axuda → Informar dun erro...

Abre o diálogo de Enviar informes de erro mediante o que pode comunicar un erro ou « pedir » unha funcionalidade.

Axuda → Acerca de K Mines

Mostra a versión do programa e a información de autoría.

Axuda → Acerca de KDE

Mostra a versión de KDE e outra información básica.

4.4. Atallos de teclado predeterminados

A táboa seguinte mostra os atallos de teclado predeterminados.

Combinación de teclas	Acción
Ctrl+N	Partida nova
Ctrl+Q	Saír do K Mines
F1	Manual do K Mines
Maiúsc+F1	Axuda «Que é isto?»
Ctrl+H	Mostrar as mellores puntuacións

Cadro 4.1: Atallos de teclado

Pódense cambiar estes atallos escollendo **Configuración → Configurar os atallos de teclado...** na barra de menú.

Capítulo 5

Preguntas frecuentes

1. *Podo mudar a aparencia do xogo?*
Si; preme o menú **Configuración** e escolle **Configurar o KMines...**
2. *Hai maneira de engadir máis minas e cadrados?*
Si, o máis doado é empregar a caixa despregábel do recanto inferior dereito.

Capítulo 6

Configuración do xogo

Pódense configurar as opcións do xogo escollendo **Configuración** → **Configurar o KMines;...** na barra de menú. Aparece un diálogo.

Na primeira lapela pódese escoller un tema. Selecciónao na lista para ver unha vista previa á dereita. Pódelo escoller premendo **Aplicar** e **Aceptar**.

Na segunda lapela pódese configurar a altura e a largura do taboleiro e o número de minas do nivel personalizado.

Capítulo 7

Créditos e licenza

K Mines Copyright 1996-2007

AUTORES

- Nicolas Hadacek hadacek@kde.org
- Mikhail Kourinny
- Mauricio Piacentini mauricio@tabuleiro.com
- Dmitry Suzdalev dimsuz@gmail.com

Copyright da documentación 2000 Nicolas Hadacek hadacek@kde.org

Documentación actualizada para o KDE 2.0 by Mike McBride no mail

Algúns cambios para o KDE 3.2 by Philip Rodrigues phil@kde.org

Tradución da documentación: Xosé Calvo - <http://trasno.net/>

Esta documentación está licenciada sob os termos da [GNU Free Documentation License](#).

Este programa está licenciado sob os termos da [Licenza Pública Xeral de GNU](#).

Apéndice A

Instalación

A.1. Como obter o K Mines

K Mines forma parte do proxecto KDE <http://www.kde.org/>.

Pode encontrar K Mines no paquete kdegames en <ftp://ftp.kde.org/pub/kde/>, o servidor principal do proxecto KDE.

A.2. Compilación e instalación

Para poder compilar e instalar o K Mines no sistema, escriba os seguintes comandos no directorio raíz da distribución de K Mines:

```
% ./configure
% make
% make install
```

Dado que K Mines emprega **autoconf** e **automake** non debera ter ningún problema a compilalo. Se o tiver, comuníquelo nas listas de KDE.